



# Confederación Xeral do Traballo A Coruña

## Normas para a utilización dos servizos xurídicos por parte dos afiliados

### Requisitos:

- Seis meses de antigüidade no sindicato.
- Ter as cotizacións ao día.
- O traballador debe usar a asesoría co coñecemento do sindicato, directamente ou a través dun representante sindical da CGT.

### Condicións para os que cumpran os requisitos anteriores:

- No caso de reclamacións de dereitos, o traballador non deberá pagar cantidade ningunha.
- No caso de reclamacións de cantidade, o traballador aboará ao avogado o 5 % do importe do que perciba. Considerarase reclamación de cantidade os atrasos, as indemnizacións ou aqueles importes que o traballador perciba como consecuencia da intervención da asesoría xurídica.

### Condicións para os que non cumpran os requisitos:

- No caso de reclamacións de dereitos, o traballador pagará o sinalado polo Colexio de Avogados.
- No caso de reclamación de cantidade, o traballador aboará o 10 % do importe do que perciba.

### Outras cuestións:

- No caso de conflitos ou demandas de grupos de traballadores, poderanse establecer condicións especiais, dependendo de cada situación.
- O sindicato non percibirá, en ningún caso, cantidade ningunha.
- Nos importes indicados non está incluído o IVE, nin tampouco os gastos non estritamente xurídicos como procuradores, peritos, taxas ou costas, que correrán a cargo do interesado.